

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 4 de decembro de 2009 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións desta consellería.

En virtude do Decreto 79/2009, do 19 de abril, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Así mesmo, a través do Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixouse a estrutura orgánica básica dos seus departamentos. Polo Decreto 335/2009, do 19 de xullo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar que asume, o exercicio das competencias das políticas autonómicas no ámbito laboral e do benestar e inclúe, entre outras, as de relacións laborais, promoción do emprego, formación e colocación, xuventude, voluntariado, benestar social, dependencia, exclusión social e servizos comunitarios; materias que constitúen o contido das publicacións relacionadas nesta orde.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ao público das publicacións que se relacionan no anexo.
2. Estes prezos entenderanse con IVE incluído.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

Premios GZcrea de Poesía 2008: 8 euros.
Outono fotográfico 2009: 18 euros.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproba a sétima convocatoria dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fis-

cais e de réxime orzamentario e administrativo, como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o despoboamento deste territorio.

No exercicio das funcións que ten encomendadas, compete a Agader impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas de desenvolvemento. Neste marco, resulta de interese pór en marcha as actuacións que animen á participación pública e privada no proceso de desenvolvemento rural e que contribúan á conservación e dinamización do contorno rural facendo del un medio máis atractivo.

Por estas razóns, estímase conveniente convocar os Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, coa finalidade de premiar aquelas actuacións que fomenten a xeración dunha sociedade rural máis viva e cohesionada.

A facultade para aprobar as bases dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e para convocalo está delegada no director xeral de Agader, segundo o acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xuño de 2007, sobre delegación de funcións do Consello de Dirección (DOG nº 134, do 11 de xullo).

De acordo co exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar a sétima convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, que se rexerá polas bases que figuran no anexo I desta resolución.

O primeiro premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 20.000 euros.

O segundo premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 12.000 euros.

O terceiro premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 8.000 euros.

O cuarto premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 5.000 euros.

O quinto premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 3.000 euros.

O premio especial para mozos e/ou mozas constará dun diploma e unha dotación en metálico de 12.000 euros.

Os premios financiaranse con cargo á conta orzamentaria 02.01 02/04/02 656800. A concesión dos premios queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. As candidaturas, formalizadas no modelo oficial que se publica como anexo II a esta resolución, irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia compulsada ou cotexada do CIF do promotor da iniciativa ou do DNI se non lle consente

expresamente a Agader a consulta de datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de la Presidencia.

b) Memoria detallada da iniciativa.

c) Breve descrición, cun máximo de 2000 caracteres (anexo II), que reflecta os aspectos que se consideren máis relevantes, valiosos ou atractivos do proxecto, tendo en conta que será un documento esencial para a valoración da candidatura.

d) Declaración das axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, con referencia, de ser o caso, das axudas suxeitas ao réxime *de minimis* concedidas no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores á solicitude de participación neste premio, así como unha declaración de non estaren incurso en ningunha das situacións previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).

e) Aqueloutra documentación que deriva do establecido no artigo 3 das bases que se acompañan a esta resolución como anexo I.

Non será necesario presentar a documentación que xa estivese en poder de Agader. Neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, Agader poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución do *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

5. En relación con este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

Páxina web de Agader: <http://agader.xunta.es>.

Enderezo electrónico: secretaria.xeral.agader@xunta.es.

Teléfono: 881 99 74 10.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

ANEXO I

Bases reguladoras dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural

Artigo 1º.-*Obxecto*.

Os Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural poderanse conceder aos promotores daquelas iniciativas que, no seo da Comunidade Autónoma de Galicia, contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade rural máis dinámica e cohesionada.

Os proxectos deberán estar executados previamente á data de publicación da convocatoria anual do premio.

Non se poderán presentar aquelas iniciativas que:

-Obtivesen premio nalgunha das anteriores edicións dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, ou do premio Agader ao embelecemento do medio rural.

-Que na data de publicación da convocatoria dos premios se encontren en fase de execución ou deseño.

Exclúense destes premios os proxectos que se desenvolvan nos sectores da pesca e acuicultura, así como os que se desenvolvan nos da produción, transformación e comercialización dos produtos agrícolas incluídos no anexo I do Tratado Constitutivo da CE, e noutros sectores e supostos segundo o previsto no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L 379/5, do 28 de decembro de 2006), no que se ampara o procedemento de concesión dos premios.

Artigo 2º.-*Destinatarios*.

Poderán presentar candidaturas aos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.

Artigo 3º.-*Presentación de candidaturas*.

1. As candidaturas formalizaranse coa presentación da seguinte documentación:

-Solicitude de participación, segundo o modelo normalizado que acompaña a resolución da convocatoria.

A solicitude de participación deberá ser cuberta en todos os seus campos, de forma clara, concisa e con todos os datos requiridos, sen prexuízo de que Agader poida requirir do interesado a emenda da solicitude, nos termos previstos no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, LRPAC).

-A documentación que se especifique na resolución da convocatoria.

-Calquera outra documentación que o promotor considere interesante, tal como cartas de apoio, publicacións, fotografías, outros documentos gráficos e, en xeral, calquera outra que contribúa a fortalecer a candidatura que se presenta.

2. As candidaturas presentaranse preferentemente no rexistro da Agader (Camiños da Vida, s/n. Edif. Witland, 2º A e C, 15705 Santiago de Compostela). Non se admitirán solicitudes por fax ou correo electrónico. En caso de non seren presentadas as candidaturas directamente no rexistro de Agader, deberá remitirse por fax (981 54 73 81), antes das 14.00 horas do último día de prazo, o xustificante do envío.

3. O prazo de presentación das solicitudes será o que se estableza na convocatoria.

Artigo 4º.-Instrución do procedemento.

Os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución serán realizados de oficio pola Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural.

Artigo 5º.-Proceso de selección das candidaturas.

1. Para cada convocatoria constituirase un xurado, que será designado para o efecto por resolución do director xeral de Agader, no prazo máximo dun mes contado desde a publicación da convocatoria no DOG.

Competen ao xurado, entre outras actuacións:

-Avaliar os proxectos de acordo cos criterios referidos no artigo 5º destas bases.

-Efectuar a proposta de resolución, que terá carácter vinculante para o órgano encargado de resolver a selección das iniciativas premiadas.

-Resolver as incidencias que puideren presentarse no curso do procedemento de selección de candidaturas naqueles supostos non previstos nestas bases.

A actuación do xurado rexerese polo disposto no capítulo II do título I da L_RXPAC.

2. Con carácter previo á primeira xuntanza do xurado poderase constituír unha comisión de preselección, integrada por aqueles membros do xurado que designe o director xeral de Agader mediante resolución ditada para o efecto. A comisión de preselección encargarase, de ser o caso, do estudo e revisión da documentación que integra as candidaturas e da preselección das iniciativas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 5º destas bases, así como de decidir sobre aquelas incidencias que poidan xurdir no exercicio destas funcións.

3. No curso do procedemento de selección, o xurado ou, de ser o caso, a comisión de preselección, poden solicitar tanta información consideren oportuna respecto das candidaturas presentadas, e

poden, para estes efectos, realizar visitas sobre o terreo.

4. Tramitado o procedemento nos termos anteriormente previstos, o director xeral ditará resolución de concesión dos premios, nos termos previstos na proposta motivada efectuada polo xurado. Esta resolución notificarase no prazo de catro meses desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Criterios de valoración.

Os premios outorgaranse ás iniciativas que se adecúen aos requisitos exixidos nestas bases, conforme os seguintes criterios de valoración:

1. Grao de contribución á xeración dun contorno máis dinámico e cohesionado no territorio de influencia da iniciativa.

2. Grao de participación dos axentes do territorio na definición e desenvolvemento da iniciativa.

3. Grao de exemplaridade da iniciativa para a súa replicación noutros territorios rurais.

4. Grao de consolidación da iniciativa.

5. Grao de innovación.

6. Grao de contribución á inserción de colectivos ou persoas socialmente desfavorecidas.

7. Grao de contribución á mellora do ambiente e ao desenvolvemento sustentable do medio rural.

8. Grao de implicación en políticas de igualdade.

9. Grao de contribución á creación de emprego.

10. Grao de apoio social.

11. Utilización da lingua galega por parte do beneficiario na execución e desenvolvemento do proxecto.

Artigo 7º.-Premios.

Os premios que se concedan no marco destas bases constarán dun diploma e da dotación económica que se estableza na convocatoria anual correspondente.

No marco destas bases, o xurado poderá propoñer a concesión das seguintes categorías de premios:

-Primeiro premio.

-Segundo premio.

-Terceiro premio.

-Cuarto premio.

-Quinto premio.

-Premio especial a proxectos realizados por mozos e/ou mozas, ou que teñan este colectivo como principal beneficiario. Para estes efectos, terán a consi-

deración de mozos ou mozas os que teñan 35 anos ou menos na data de finalización do prazo de presentación da candidatura ou, no caso de persoas xurídicas, cando polo menos o 25% dos seus membros cumpran este requisito.

O xurado poderá propor que se declare deserto calquera dos premios. Así mesmo, poderá propor a concesión compartida dun premio entre varias candidaturas.

Artigo 8º.-*Consentimentos e autorizacións.*

A presentación da solicitude de participación comporta a autorización do solicitante para que Agader obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Por outra banda, se por razóns técnicas ou doutra índole as ditas certificacións non puideren ser obtidas por Agader, poderán serlle requiridas ao solicitante.

Nos supostos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, as referidas certificacións poderán ser substituídas pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das referidas obrigas.

De acordo cos artigos 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, os premios concedidos publicaranse no DOG e na páxina web de Agader, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal e da súa publicación.

Á marxe do anterior, Agader fará unha difusión axeitada dos premios concedidos, a través dos medios que, en cada caso, se consideren convenientes, co fin de dar a coñecer os proxectos premiados.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a presentación da solicitude de participación levará implícito o consentimento para a inclusión e publicidade nos rexistros regulados nesta norma dos datos relevantes referidos aos premios.

Non obstante, os interesados poderán pedir que non se fagan públicos os seus datos cando poidan

afectar a honra e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio.

Artigo 9º.-*Obrigas dos premiados.*

Son obrigas dos premiados:

-Destinar o importe dos premios a realizar melloiras, conservación ou actuacións complementarias respecto das iniciativas premiadas. Os beneficiarios deberán poder acreditar o cumprimento desta obriga, ante Agader ou ante os órganos da Administración autonómica competentes para realizar o control financeiro, durante o ano seguinte ao pagamento do premio.

-Acreditar, con carácter previo á concesión e ao pagamento dos premios, que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non teñen débeda pendente de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

-Reintegrar, total o ou parcialmente, o importe do premio no suposto de incumprimento dos requisitos e condicións establecidas para a súa concesión.

-Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

-Comunicar a Agader todos os cambios que se produzan nos requisitos e condicións que determinaron a concesión do premio.

Artigo 10º.-*Recursos e outras normas.*

1. A convocatoria, as bases, así como os actos expresos ou presuntos ditados na súa aplicación poderán ser impugnados potestativamente mediante recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, nos termos previstos no artigo 116 da LRPAC, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente.

2. En todo o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 9/2007.

3. Os premios concedidos ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con calquera outra axuda destinada ao mesmo proxecto, calquera que for a súa natureza e a entidade que as conceda, sen prexuízo dos límites cuantitativos que veñan impostos pola normativa sectorial que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II



| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO PREMIOS AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR702A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO/DA SOLICITANTE

| | | | | |
|-------------------------|-----------|--------------|---------|--------------------|
| APELIDOS / RAZÓN SOCIAL | | NOME | DNI/CIF | |
| [] | | [] | [] | |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO | | CÓDIGO POSTAL |
| [] | [] | [] | | [] |
| LOCALIDADE | TELÉFONO | TELÉF. MÓBIL | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |
| [] | [] | [] | [] | [] |

DATOS DO/DA REPRESENTANTE (Cubrir no caso de entidades)

| | | | |
|------------------|-----------------|------|-----|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI |
| [] | [] | [] | [] |

DATOS DA INICIATIVA

| | | |
|--|-------------------------------|---------------------------------|
| TÍTULO | | |
| [] | | |
| PROVINCIA EN QUE SE DESENVOLVE | CONCELLO EN QUE SE DESENVOLVE | PROXECTO REALIZADO POR MOZOS/AS |
| [] | [] | [] |
| BREVE DESCRICIÓN (MÁX. 2.000 CARACTERES) QUE REFLECTA OS ASPECTOS QUE SE CONSIDEREN MÁIS RELEVANTES, VALIOSOS OU ATRACTIVOS DE CARA A SÚA VALORACIÓN | | |
| [] | | |

ADECUACIÓN AOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

O/a candidato/a deberá sinalar os criterios que ao seu parecer deberían ser valorados na súa iniciativa, de acordo co estipulado no artigo 6º das bases reguladoras dos premios:

| | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Contribución á xeración dun contorno máis dinámico e cohesionado. | <input type="checkbox"/> Contribución á inserción de colectivos ou persoas socialmente desfavorecidas. |
| <input type="checkbox"/> Participación dos axentes do territorio na definición e desenvolvemento da iniciativa. | <input type="checkbox"/> Contribución á mellora do ambiente e ao desenvolvemento sustentable do medio rural. |
| <input type="checkbox"/> Exemplaridade da iniciativa de cara á súa replicación noutros territorios. | <input type="checkbox"/> Implicación en políticas de igualdade. |
| <input type="checkbox"/> Consolidación da iniciativa. | <input type="checkbox"/> Contribución á creación de emprego. |
| <input type="checkbox"/> Innovación. | <input type="checkbox"/> Apoio social. |
| | <input type="checkbox"/> Utilización da lingua galega na execución do proxecto. |

DOCUMENTACIÓN

| | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI (salvo que autorice expresamente a Agader para a consulta deste dato) | <input type="checkbox"/> Fotocopia do CIF |
| <input type="checkbox"/> Memoria detallada da iniciativa | <input type="checkbox"/> Cartas de apoio |
| <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa do carácter de mozo/a do promotor da iniciativa | <input type="checkbox"/> Publicacións |
| | <input type="checkbox"/> Artigos de prensa |
| | <input type="checkbox"/> Outros (fotografías, vídeos, etc.) |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/2009, de protección de datos de carácter persoal, quedo informado/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a Agader como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Consinto expresamente a publicidade no DOG e na páxina web de Agader dos datos relevantes referidos aos premios concedidos, así como a inclusión nos rexistros públicos que regula o Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Autorizo a Agader para que obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias.

Autorizo a Agader, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de la Presidencia. SI NON

| |
|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproba a sétima convocatoria dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.</i> |
| SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA |
| <i>Lugar e data</i> |
| , de de 20 |

| | | |
|-----------------------------------|-----|----------------------|
| (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO | [] | [] |
| REVISADO E CONFORME | [] | DATA DE ENTRADA |
| [] | [] | ____/____/____ |
| | | DATA DE EFECTOS |
| | | ____/____/____ |
| | | DATA DE SAÍDA |
| | | ____/____/____ |

Director xeral de Agader

Camiños da Vida, s/n – Edf. Witland, 2º A e C 15705 Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III



| | | |
|---|---|---------------------------------|
| PROCEDEMENTO SÉTIMA CONVOCATORIA DOS PREMIOS AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR702A | DOCUMENTO DECLARACIÓN |
|---|---|---------------------------------|

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS
DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO/A NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10.2 E 10.3 DA LEI 9/2007**

D./Dª , con DNI

actuando en representación propia

en representación de: , con CIF

en calidade de (cargo que ostenta na entidade representada)

DECLARA

NON TER SOLICITADAS OUTRAS AXUDAS PARA O PROXECTO

TER SOLICITADAS AXUDAS DOS ORGANISMOS QUE SE MENCIONAN A CONTINUACIÓN PARA O PROXECTO:

| CONVOCATORIA (1) | ORGANISMO | ORIXE DOS FONDOS | SITUACIÓN ACTUAL AXUDA (2) | IMPORTE |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

(1) Xúntase copia da convocatoria.

(2) Indique: solicitada, concedida ou pagada

Así mesmo, comprométese a comunicarlle á Dirección Xeral de Agader calquera solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

Así mesmo,

DECLARA que

NON obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime *de minimis* no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao desta solicitude de subvención.

SI obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime *de minimis* no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao desta solicitude de subvención (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTO DA AXUDA | IMPORTE |
|---|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| IMPORTE TOTAL das axudas de minimis percibidas | | <input type="text"/> |

Igualmente,

DECLARA que non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

_____, de _____ de 20____

Asdo.: